



ÚLTIMA ASEMBLEA XERAL

O pasado día 18 de novembro, en resposta á primeira convocatoria de Asemblea Xeral da ANPA "A Ferradura" deste curso, reunímonos, en petit comité, 17 socios da ANPA (7 deles integrantes da directiva actual), das máis de trescentas familias que a conforman.

Agradécemolles enormemente @s asistentes a súa presenza e o seu interese, pero tod@s botamos de menos a moitas outras nais e pais que non puideron asistir á reunión.

Das arredor de cincocentas familias censadas no Centro, máis de trescentas sesenta pertencen á ANPA, pero só 17 soci@s asistiron á Asemblea do inicio do curso o pasado 18 de novembro! Non hai palabras...

Nesta Asemblea deuse conta do informe económico do curso pasado e das previsións para o presente, no que se estima que haberá un movemento de preto de 350.000€ para a xestión de todos os servizos ofertados.

En todas as actividades aumentou significativamente o volume de participación con respecto ao curso pasado. De entre elas, cabe destacar o incremento de usuari@s do comedor, que ascende xa a 263; madrugadores (70), inglés (95) e música (89).

En liñas xerais, a resposta a todas as actividades ofertadas está resultando moi positiva, tanto cualitativa como cuantitativamente, e isto é a mellor resposta que podemos recibir desde a

organización da ANPA a todo o traballo e o esforzo que supón manter esta enorme estrutura en funcionamento.

Énchenos de orgullo confirmar que cumprimos co noso primeiro obxectivo: facilitar a conciliación da vida familiar e laboral e contribuir a mellorar a formación d@s nos@s fill@s.

Beneficianse dos servizos da ANPA a maior parte dos alumnos do centro, aproximadamente o 75%, grazas á ampliación do horario escolar (de 7.45 a 9.00 madrugadores e de 16.00 a 18.00 actividades extraescolares) e á posibilidade de contar cos servizos de transporte escolar, comedor, coidadora de Educación Infantil e monitora de apoio para a Biblioteca.

É por todo isto que nos parece increíble a escasa participación familiar no único xesto que se lles pide @s soci@s: A ASISTENCIA ÁS ASEMBLEAS, que serán moitísimo máis útiles canto maior sexa a representación familiar que haxa nelas.

E, por descontado, se alguén se anima a formar parte de directiva será recibid@ cos brazos abertos: precisamos máis xente para poder levar a cabo a xestión de todas as actividades, que cada vez son máis diversas e con maior cantidade de nen@s en cada unha delas.

FEDERACIÓN DE ANPAS "COMPOSTELA"

As ANPAS dos colexios públicos de Santiago de Compostela estamos, despois de case dous anos de inacabables reunións e xestións varias, ultimando os papeleos para constituírmonos legalmente en Federación e, deste xeito, conseguir máis forza nas nosas pequenas loitas cotiás que son, case sempre, coas Administracións.

Dende a Federación de ANPAS "Compostela" estamos convencid@s de que a educación é un deber e un dereito fundamental en calquera sociedade democrática e é, ademais, a trabe que a sustenta e o principal, se non o único, camiño que permite avanzar. O futuro e o progreso do Estado dependen da educación e están na educación.

O obxectivo fundamental desta Federación é conseguir que as nosas administracións non esquezan a importancia que ten a educación na sociedade e, sobre todo, que actúen en consecuencia a nivel de implicación institucional, capacidade de xestión e, por suposto, investimento orzamentario (sen o cal nada do demais se pode realizar).

Por iso, porque as necesidades e as lexítimas demandas das familias do século XXI pouco ou nada teñen que ver coas de décadas atrás, traballamos para que desde a Administración se asuman unha serie responsabilidades que a día de hoxe recaen sobre o esforzo e o voluntarismo d@s membr@s das ANPAS.

A día de hoxe, centra os nosos esforzos o obxectivo básico de conseguir que a Consellería de Educación se faga cargo da xestión dos comedores, un dos servizos extraescolares que comporta maior complexidade. Ademais de demandar de momento sen resposta positiva algún tipo de implicación por parte do Concello, intentamos infructuosamente que nos recibisen na Consellería de Educación para expoñer a nosa demanda: conseguimos que nos recibise o Delegado de Educación, quen escoitou as nosas propostas pero en absoluto deu sinais que indicasen que estas fosen, cando menos nun tempo razoable, a levarse a cabo.



Circo

En xaneiro iniciaremos unha actividade que combina o exercicio coa diversión: O CIRCO. Impartirao a Asociación Pista Cinco de acordo coa ANPA. Será os VENRES De 5 a 6 h. e poderán asistir nen@s a partir de 6 anos, en grupos de dez a quince. O prezo: 15€/mes.

Entre as técnicas circenses que se traballaran están os malabares, as acrobacias, o equilibrio e o pallaso. Poderás apuntate antes de ir de vacacións no local da ANPA. Anímate!! Pasarámoslo de CIRCO.



CURSO DE INGLÉS. KULLO 08

Todo un éxito o curso de inglés do verán, tanto nen@s como as súas nais e pais nos expresaron a súa satisfacción e nos animaron a continuar, polo que non verán que ven "more & better", como mostra do ben co pasaron velai unhas

Eleccións ao Consello Escolar

Os dous representantes das nais e pais elixidos para o Consello Escolar nas eleccións celebradas o pasado 25 de novembro: Joaquín (que repite) e Nerea. Os dous que pasan a formar parte dun organismo moi importante para a xestión do Centro representando ás nais e ós pais d@s alumn@s. Noraboa!!

Pero temos que destacar aquí tamén a baixa participación nunhas votacións tan importantes para o bo funcionamento da comunidade educativa: non debemos esquecer que a participación é necesaria para que as cousas vaian a máis.

Parque infantil

Grazas á acción conxunta co colexio, xa temos parque para os máis pequenos. O Concello atendeu as nosas peticións e os nove grupos de educación infantil teñen unha zona con columpios axeitada á súa idade. Seguiremos facendo peticións para que os demais tamén poidan tela algún día...

LEMBRAMOS A

Elena Atienza, que ademais de nai, colaborou coa ANPA na actividade de Teatro.

O noso recordo para ela e un sentido pésame para a súa familia.

Desde a ANPA "A Ferradura" queremos desexarvos unhas felices festas e que no 2009 consigades todo o tempo que @s vos@s fill@s piden e merecen para estar con vós.

BO NADAL!!!